

XXX

Reclamante: XXX

Expediente. Nº **RSCTG 120/2022**

### **ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por XXX mediante escrito do 7 de xuño de 2022, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 27 de setembro de 2022, adopta a seguinte resolución:

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.** XXX presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 7 de xuño de 2022, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución ditada pola Xefatura Territorial da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 3 de maio de 2022, pola que se desestima a súa solicitude de data 1 de outubro de 2021, de acceso á documentación relativa ao expediente de outorgamento da autorización administrativa de construción e de declaración de utilidade pública solicitado no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia con data 03/04/2018.

O reclamante, en resumo, indica que a resolución impugnada lle denega o acceso á información relativa á instalación eléctrica XXX, co nº de expediente XXX, que se segue ante ou Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña, en base ao establecido na disposición adicional primeira da Lei 19/2013, por atoparse o procedemento en curso, e por considerar que o interesado non ten a consideración de interesado no procedemento administrativo en cuestión.

O reclamante considera que si ten a condición de interesado en base ao disposto no artigo 4 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dado que exerce dereitos que poden resultar afectados pola decisión que no mesmo se adopte, porque o domicilio no que reside é un lugar que se ve afectado pola construción da LAT, e que por tanto dita construción si pode afectar aos seus dereitos persoais do dicente ao poder ocasionar posibles prexuízos na súa saúde, ruídos, calidade de vida, etc., así como nos seus

dereitos de patrimoniais (expropiacións, diminución de valor dos seus bens pola proximidade da LAT, entre outros).

Fai constar que presentou, xunto con outros veciños do lugar, alegacións no propio expediente de construción da LAT e unha solicitude de declaración de BIC do Castro Lupario, o cal se ve igualmente afectado, solicitude que foi desestimada por silencio administrativo, polo que solicita que se dite resolución pola que acorden deixar sen efecto o pronunciamento da resolución da Directora Xeral no procedemento de acceso á información relativa á instalación eléctrica XXX e se lle recoñeza a condición de interesado.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, diversos escritos presentados en relación coa instalación eléctrica e do seu DNI.

**Segundo.** Con data do 11 de xullo de 2022 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 13 de xullo de 2022.

**Terceiro.** Con data do 9 de agosto de 2022 a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que o reclamante solicitou, en relación á instalación eléctrica denominada XXX, e o seu proxecto de execución, o acceso ao proxecto/s da empresa promotora, addendas/complementos/ modificacións do proxecto, informes dos distintos organismos administrativos (Patrimonio Cultural, Medio, etc) emitidos ao proxecto/addendas/ complementos e modificacións, e demais resolucións administrativas emitidas con ocasión do citado proxecto (declaración de impacto ambiental, declaración de utilidade pública, etc).

Da solicitude déuselle traslado á Red Eléctrica de España, S.A.U. como solicitante/promotor da instalación eléctrica, que manifestou a súa oposición á solicitude expoñendo unha serie de alegacións que foron debidamente analizadas na resolución ditada.

A resolución impugnada permitiu o acceso á documentación solicitada correspondente á autorización administrativa previa, en atención á aplicación da Lei 19/2013, o acceso á documentación solicitada correspondente á tramitación da solicitude de impacto ambiental en aplicación da Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente e

non permitiu o acceso á documentación relativa ao expediente de autorización administrativa de construción e de declaración de utilidade pública, de conformidade coa disposición adicional primeira da Lei 19/2013.

De acordo co anterior, a parte da información sometida ao réxime xeral de acceso na que sería competente esa Comisión para resolver sería a correspondente á parte da solicitude que ten que ver coa documentación relativa á tramitación da solicitude de outorgamento da autorización administrativa de construción da liña eléctrica de alta tensión á que se refire o reclamante nas súas alegacións.

A denegación susténtase en que procede aplicar a disposición adicional primeira da Lei 19/2013, que establece que a normativa reguladora do correspondente procedemento será a aplicable ao acceso por parte de quen teña a condición de interesado nun procedemento administrativo en curso aos documentos que o integren. Ao non constar a condición de interesado do reclamante no procedemento, non procede concederlle pois o acceso ao mesmo.

Considera o informe que o reclamante non cuestiona a argumentación da resolución pola que non cabe concederlle acceso á información contida nun expediente en tramitación, se non que considera que ten dereito a acceder á mesma por asumir que é interesado en dito procedemento e que polo tanto seríalle de aplicación a normativa de procedemento común e solicita que a Comisión dite resolución que obligue a este órgano a recoñecerlle a condición de interesado ao reclamante e ter acceso así ao expediente, petición que considera que excede o ámbito da reclamación por acceso a información da Lei 19/2013 e da Lei 1/2016, polo que considera que cabería inadmitir a reclamación presentada.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente existencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación

dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, ao interesado notificóuselle a resolución con data do 4 de maio de 2022 e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 7 de xuño de 2022, e na que consta un selo de certificado de Correos de presentación o 3 de xuño de 2022, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

O interesado presentou unha solicitude de acceso á documentación referente a unha instalación eléctrica da que parte da mesma se lle concedeu (de conformidade co disposto na normativa de transparencia e na normativa de acceso á información ambiental), e se lle denegou a parte relativa ao expediente de autorización administrativa de construción e de declaración de utilidade pública, por estar este expediente en tramitación e non ter o solicitante a condición de interesado. Considerou a Xefatura Territorial que é aplicable a disposición adicional primeira da Lei 19/2013 e interpreta que, de acordo coa mesma, solo é posible o acceso a documentos ou información que forma parte dun procedemento en curso, a quen teña a condición de interesado, e de acordo coa normativa reguladora do correspondente procedemento. Así conclúe que ao non constar a condición de interesado do reclamante no procedemento, non procede concederlle o acceso ao mesmo.

Esta Comisión non pode dar por válida a argumentación da Xefatura Territorial neste expediente. O feito de que un expediente administrativo estea en curso non impide o acceso ao mesmo, nin a disposición adicional primeira impide o acceso a documentos ou información finalizados que formen parte dun expediente en curso a quen non teña a condición de

interesado no mesmo, senón que simplemente establece que para os solicitantes que teñan a condición de interesado nun expediente en curso, a normativa aplicable ao acceso non é a de Transparencia, senón a propia do dito procedemento. Para os solicitantes que non teñan a condición de interesado, o seu acceso réxese pola normativa de transparencia, polo que son aplicables os límites e causas de inadmisión establecidos na dita normativa.

De acordo co anterior, non procede denegar o acceso do solicitante aos informes ou documentos que consten no expediente en curso e que estean finalizados, aínda que o expediente careza de resolución final e o solicitante careza do recoñecemento da condición de interesado, procedendo en consecuencia a estimación da reclamación presentada.

Por outra banda, non procede acceder á solicitud do reclamante de recoñecemento da condición de interesado no procedemento de autorización da liña eléctrica, por carecer esta Comisión de competencias para ese recoñecemento, que debe ser resolto polo órgano substantivo que teña a competencia para resolver sobre a autorización.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

## ACORDA

**Primeiro:** Estimar a reclamación presentada por XXX con data do 7 de xuño de 2022, contra a Resolución ditada pola Xefatura Territorial da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 3 de maio de 2022, pola que se desestima a súa solicitud de data 1 de outubro de 2021, de acceso á documentación relativa ao expediente de outorgamento da autorización administrativa de construción e de declaración de utilidade pública solicitado no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia con data 03/04/2018.

**Segundo:** Instar á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, proporcione a información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no

artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia.**